


# PELÍCULAS



# VACACIONES



HAI QUE LER!

## IES A PONTEPEDRIÑA

R/ Amor Rubial, 28  
15702 Santiago de Compostela  
Telf.: 981531013  
Fax.: 981593605  
<http://www.edu.xunta.es/centros/iespontepedrina/>  
Pedriñas blog do ENLD [www.blogoteca.com/pedrinhas](http://www.blogoteca.com/pedrinhas)

## GUÍA DE LECTURAS VACACIONES DE VERÁN CURSO 2012-2013

BIBLIOTECA  
IES PONTEPEDRIÑA



NESTE VERÁN...  
MERGÚLLATE NA

LECTURA!!

FELICES VACACIONES!!

## VACACIÓNS 1º - 2º ESO



### Amor de Serea. José Jaureguizar.

Os galeóns de Rande desapareceron. Non hai rastro deles en toda a ría de Vigo. O Amor de Serea toleou os malvados, que están dispostos a calquera ruindade para facerse con el. Soamente o reporteiro máis valente e espelido de Galicia, Tintimán, poderá combatelos malia ter a penas 16 anos.


### O caso máis estraño do detective Marschen. Xavier Frías Conde.

Este libro non conta unha historia, senón moitas historias. Hainas fantásticas e outras non tanto. Podedes atopar de fantasmas, de homes que se converten en bólas inzadas, de androides, de hecatombes nucleares aparentes, de seres máxicos aínda que tímidos... cada historia é diferente, mais todas teñen un final sorprendente. Non o acreditas? Pois entón colle o libro e le nel.



### O neno can. Fina Casalderrey.

Ven coñecer as historias de Aakesh, Leila, Carlos... Un libro a favor de UNICEF de relatos nos que se quixeron abordar asuntos relacionados cos dereitos da infancia, ou máis ben, coa falta de dereitos básicos que unha parte moi importante dos nenos e nenas do mundo padecen hoxe en día. Así, cóntannos historias deses cativos que teñen que sobrevivir remexendo nos colectores de lixo; a epopea desas nenas obrigadas a casar con homes adultos cando aínda nin deixaron as bonecas...



## VACACIÓNS 3º - 4º ESO



*Máis alá!*, o terceiro dos libros que compoñen o ambicioso proxecto de Inacio no guión e Iván Suárez no debuxo, lévanos ás lembranzas de Castela sobre a súa viaxe europea de 1921, coas súas continuas visitas aos museos, e os seus encontros co filósofo Bergson, o Soamente o reporteiro máis valente e espelido de Galicia, Tintimán, poderá combatelos malia ter a penas 16 anos.

### Sónos de fútbol en Bangui. Yves Pingully.

Zangba ten 15 anos. Vive en Bangui, na República Centroatricana. Xa hai tempo que deixou a escola, e aínda máis que é orfo. Para el, o seu único osíxeno é o fútbol. Mesmo sen calzado, mesmo co estómago baleiro, no terreo de xogo, vibra. Os espectadores tamén, polo moito que o seu talento supera o dos demais. Sería unha excelente nova fichaxe para a selección de xuvenis que ten que defender as cores do país. Pero como avantaxar os que teñen pais con moitos cartos e poder?



### Malos tempos para os fantasmas. Agustín Fernández Paz.

Cando Marta fai once anos, a súa familia abandona a vila onde residían e trasládase a vivir na cidade. Alugan unha casa antiga, sobre a que circulan rumores inquietantes. Unha vez instalados na nova vivenda, comezan a se producir misteriosos sucesos, que afectan sobre todo á vida de Marta. A nena acabará descubrindo que na casa habita un fantasma invisible, co que se pode comunicar a través do ordenador. Un fantasma con raros poderes, condenado a permanecer na mansión ata que esta sexa destruída.



## VACACIÓNS BACHARELATO



### Flor de area. M. Lourenzo

Flor de area é a historia dunha moza iraquí que, destinada a ser a doce esposa dun persoeiro principal, se atreveu a rachar coa inercia para exercer de muller, de nai, de traballadora, de amante, de patriota, na cerna dunha sociedade conservadora e baixo a opresión da dominación estranxeira.

### A punta de pistola. Fran Alonso.

A punta de pistola ábrese cunha escena de ritmo trepidante: un delincuente de pouca monta, coñecido como O Varas, e a súa muller, Rica, acoden a un Centro de Acolida Familiar para ver os seus fillos, baixo a tutela dos servizos sociais. Unha vez alí, secuéstranos e lévanos a punta de pistola. Ao tempo, outra historia transcorre en paralelo: a dunha camioneira emprendedora, culta e licenciada, que conduce e escribe nun blog.



### O gardián invisible. Dolores Redondo.

Thriller onde se mestura a investigación policial e científica co suspense e coa mitoloxía das lendas navarras. A inspectora Amaia Salazar, investiga o asasinato dunha adolescente que aparece morta e coas roupas esgazadas no medio dunha fraga. O asasino colocou os zapatos da vítima como sinatura da súa identidade e a investigación acaba por conducir a inspectora a Elizondo, a súa vila natal, onde se ve obrigada a se enfrontar ao seu pasado.

